

VIVENDA

A. AXUDAS

2. SUBVENCIÓN PARA A XENTE MOZA ACOLLIDA AO PLAN 2002-2005 PARA GASTOS DE ENTRADA

Descrición

Se tes menos de 35 anos, e es adquirente ou promotor/a para uso propio de vivendas, podes acollerte a esta axuda para gastos de subrogación ou de consituición de hipoteca e outros gastos de entrada previstos no Decreto 18/2006

Requirimentos

Presentar o modelo de solicitude VI430A debidamente cuberto e coa documentación que nel se indica e ingresos familiares que non superen 3,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples-IPREM. Ter unha idade non superior a 35 anos no momento da solicitude da axuda e achegar a totalidade ou a maior parte dos ingresos da unidade familiar. Cumprir os requisitos de primeiro acceso á vivenda en propiedade do artigo 9 do RD 1/2002. er formalizado o préstamo cualificado con posterioridade ao 7-11-2005 ou ter solicitado axuda ao abeiro da Orde do 21-12-2004 con préstamo cualificado formalizado con anterioridade á dita data e que se lle denegaran as axudas por falta de recursos dispoñibles.

Inicio: 09/01/06

Fin: 31/12/08

Descargas:

Formulario

Para máis información consulta a web da Consellería de Vivenda e Solo.